

Acho nomeuaxe M.F.L.

Excmas autoridades, amigas e amigos:

Quero expresar en nome da miña mai Irene, do meu irmán Enrique e no meu propio a ledicia que sentimos polo retorno do meu pai á súa amada terra.

Retorno que se produce gracias ó notable esforzo da corporación municipal e de tódalas xentes de Paradela, que fixeron posible a realización dunha das súas últimas vontades.

Neste senso queremos destacar públicamente a gratitudde personal cara o amigo e alcalde, Xosé Manuel Mato.

El, consciente de que o nome de Manuel Rodríguez López non se pode desligar de Paradela, foi o impulsor do seu nomeamento como Fillo Predilecto, de que a casa de cultura do pobo leve o seu nome e de que o reencontro material do meu pai con San Miguel sexa xa unha realidade.

Como ben dixo Xulio Xiz, pai, contigo queda demostrado o rentable que resulta, espiritualmente, ser humilde, xeneroso e bo. Hoxe quero darche testemuña, pai, que con Xulio queda demostrada a fortaleza ilimitada da amistade verdadeira, compartida por moitas outras personas que manteñen vivo o teu recordo sen poder ocultar un brillo especial nos seus ollos.

Gracias ó amigo Xesús Mato e ós párrocos Gracias ós poetas amigos Gracias á Banda Municipal de Paradela.

Gracias a todos vos pola vosa presencia.

Quen sabe se a carón do seu cruceiro inspirador, o poeta de Randulfe rimará medidos versos adicados á paisaxe, ós labregos, á lúa...

Tal vez a proximidade da súa casa lle encha a alma de recordos de tantas tardes de ~~contidos~~ brisca e contos co tío Avelino ou das longas conversas coa Cándida de San Pedro e os seus curmáns ~~e os xeteas~~ de Paradela.

Tal vez...

De todos xeitos, a unión entre Manuel Rodríguez López e Paradela
faise aínda máis forte se cabe e o seu espírito está hoxe con
todos nós.

Pero como nos di nun dos seus poemas,

Por oxe déixote,
pro non coides, Xaniño,
que xa ten rematado o meu cantar.

Moitas gracias de novo a todos.



CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS
DELEGACIÓN PROVINCIAL

Servicio de Saúde Pública

C/ Montevideo, 9 - 27071 LUGO Teléfs. 24 16 12 - 24 17 91

10 ABR. 1995

Reintento de SAIDA
Nº 8902

En virtud de las atribuciones que me están conferidas y en vista de la documentación presentada por Vd. en este Servicio de Salud Pública con fecha 10-4-95, he tenido por conveniente autorizar el traslado, desde SANTA MARINA - ASAS (PARANÓ), de los restos cadávericos de D. MANUEL O RESTE RODRIGUEZ LÓPEZ fallecido el día 13-2-1990 para su reinhumación en el C.R. SAN VICENTE DE PARADELLA.

Lo que comunico a Vd. para su conocimiento y efectos interesados, advirtiéndole que por haber transcurrido más de cinco años desde su fallecimiento, en esta reinhumación no es preciso intervención sanitaria.

Lugo, 10 de ABRIL de 1995

El Jefe del Servicio de Salud Pública P.O.



SANTIAGO RODRIGUEZ LÓPEZ. LUGO

O REENCONTRO CON PARADELA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ

Achégase o día do teu retorno definitivo ó fogar. Paradela, San Miguel, o cruceiro, agárdante tan ansiosos como Randulfe, que se aleda do reencontro definitivo co seu fillo.

A terra que te viu nacer vaite abrazar para sempre e recibirate como Fillo Predilecto, honor merecido polo amor que lle amosaches ó longo de toda a túa vida e sinal da xenerosidade e gratitudde das xentes de Paradela. Boas xentes, representadas polo teu amigo Xosé Manuel Mato, impulsor directo de que o teu regreso poida ser unha realidade, e responsable de que se che reciba cuns honores que, sen dúbida, che encherán a alma.

A fría morte non foi capaz de romper e ocultar o teu amor por Paradela, do mesmo xeito que non consegue trunca-la amistade fonda e firme, encarnada na persoa de Xulio Xiz. Como el ben dixo, contigo queda demostrado o rentable que resulta, espiritualmente, ser humilde, xeneroso e bo. Hoxe quero darche testemuña, pai, que con Xulio queda demostrada a fortaleza ilimitada da amistade verdadeira, compartida por moitas outras persoas que, cinco anos despois de que nos deixaras físicamente, manteñen vivo o teu recordo, sen poder ocultar un brillo especial nos seus ollos.

O "horto do cruceiro" agárdate. Dende o teu novo fogar ergueraste cada día co más tempraneiro dos reiseñores cantareiros e poderás sentir, á túa dereita, a proximidade do teu berce. Diante, as terras de Paradela ofreceranxe vales e outeiros inzados de carballos e castiñeiro. O lonxe, albiscaráis O Páramo e, moito máis alá, atopara-la túa terra adoptiva, Catalunya.

A túa emigración rematou, pai. Achégase o día no que o teu Reencontro con Paradela será definitivo.

Familia Rodríguez López

Nota pé de foto: O escritor Manuel Rodríguez López será trasladado ó seu lugar natal, San Miguel de Paradela, o vindeiro sábado 29 de Abril.

S, o que é máis difícil para calquera persoa, é dixerse vixente para a túa xente de Paradela. Porque non é que fose profeta na túa terra, que non che facía fallar; é que te recolleceron sempre.

Volta definitiva de Manolo Rodríguez a Paradela, 29-4-95

Sabendo que nos escoita, que está connosco, estas son palabras de amigo - no nome dos amigos - para Manolo.

Cinco anos despois do teu pasamento, Manolo Rodríguez, por fin, a volta á terra. Foi premonición o título daquel teu libro de narracións "Reencontro coa aldea", na que o emigrante siquera temporalmente volve da grande cidade á terra que o viu nacer.

Neste caso, Manolo Rodríguez, por fin estás en Paradela, esa patria dos teus antergos cantada nos teus poemas; tan vivida desde lonxe; tan querida desde sempre.

O ser humano anceia sempre trascender, deixar memoria de si; que as cousas que fixo ou as xentes que tratou, garden lembranza do ser ou do estar, do seu paso polo mundo. Eu non sei se polo teu maxín xeneroso e desprendido pasou, algunha vez, a idea de que "o día de mañán" alguén se lembrase de ti. Porque os que verdadeiramente o merecen son os que menos se preocupan polo que dirán deles cando xa non estean presentes.

Cinco anos despois do teu pasamento, -o dia de mañán para aquel teu onte-, sigues vivo coma sempre na lembranza de todos nós.

Sigues máis vivo que nunca na lembranza de Irene, a túa dona. Ela así o proclamaba onte de noite, nunha comparecencia pública, e despois de dicir eso nin ela puido seguir falando nin eu puiden seguir preguntando. Sigues máis vivo que nunca na vida dos teus fillos Enrique e Santy, que manteñen aceso ese facho, esa presencia, para que ninguén poida esquecerse de ti. O voceiro da familia, o teu fillo Santiago, ben se encarga de proclamar sen dicir nada que o seu pai - o noso amigo - segue sendo alguén neste mundo dos vivos.

E, o que é máis difícil para calquera persoa, sigues vivo para a túa xente de Paradela. Porque non é que foses profeta na túa terra, que non che facía falla: É que te recoñeceron sempre,

aínda estando fóra - precisamente polo teu traballo estando fóra - como un deles; o primeiro entre eles; como un home xeneroso e bó que nunca, nunca, esqueceu as súas raíces.

Cando de súpeto nos deixaches, hai agora cinco anos, asistimos ó teu enterro en terras do Páramo, terras tamén queridas, tamén estudiadas, tamén loubadas por tí... Pero ti querías vivir para sempre en Paradela.

As xentes de Paradela así o entenderon e elas, co seu alcalde Xosé Manuel Mato ó frente, chamàronte para a súa beira, para que sigas a vivir entre eles.

Porque esto é vivir, Manolo. Non morre quen deixa detrás de sí unha viuva que cinco anos despois se confesa namorada e cada día más vencellada á túa persoa.

Non morre quen deixa uns fillos que teñen como primeira meta vital honra-la memoria do Pai-amigo que se foi.

Non morre quen ten amigos que lembran que por riba de todo Manolo foi un bo home, boa persoa, desprendido, xeneroso... e - por se fose pouco - escritor comprometido, honrado e sincero.

Non morre o que consigue - quen dixo que só o Cid Campeador gañou batallas despois de morto - que as súas xentes, as xentes de Paradela, o teñan presente, o honren, o agasallen, o acompañen.

Benvido á túa casa, benquerido Manuel Rodríguez López. Neste caso non hai que dicir eso de ¡Por moitos anos!. Benvido á túa casa, para sempre. Agora sí que podes Descansar en Paz, no colo da Nai Terra; agora estarás por sempre, como ti quixeches, no colo de túa Nai.

Unha aperta de tódolos teus amigos, queridísimo amigo Manolo Rodríguez López, por siempre MANOLO RODRIGUEZ DE PARADELA.

